

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Persoal, oposicións

MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA (LISTA B) PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA CONCELLERÍA DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO RELATIVA Á MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NO GRUPO A SUBGRUPO A-2.

1.- Na Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 26 de marzo de 2018 se aprobaron as bases reguladoras do proceso selectivo para a configuración dunha lista de reserva (Lista B) para a provisión interina de prazas de técnico medio de xestión da escala de administración xeral, encadradas no grupo A subgrupo A2.

2.- Estas bases foron obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia núm. 72, do 13/04/2018, abríndose o día seguinte o prazo de 10 días naturais previsto naquelas para a presentación de instancias para a participación do correspondente proceso selectivo.

Detectado que o parágrafo segundo do apartado A) do artigo 5.1, relativo ao primeiro exercicio da fase da oposición, non se corresponde co recollido na proposta definitiva de aprobación das bases reguladoras arriba sinaladas, elaborada despois da negociación mantida na Mesa Xeral de Negociación, cómpre corrixir este apartado para axustalo ao disposto na devandita proposta definitiva desta concellería de goberno, asinada con data 16/02/2018.

Polo exposto, esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de goberno local de data 26 de marzo de 2018 polo que se aproban as bases reguladoras do proceso selectivo para a configuración dunha lista de reserva (Lista B) para a provisión interina de prazas de técnico medio de xestión da escala de administración xeral, encadradas no grupo A subgrupo A2, no Concello de Pontevedra, nos termos seguintes:

No parágrafo segundo do apartado A) do artigo 5.1, relativo ao primeiro exercicio da fase de oposición,



Onde pon:

“ A) Primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, de carácter práctico.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar a tarefas ou tarefas que propoña o tribunal, relacionadas coas materias obxecto do temario establecido na base sexta, e con respecto as tarefas propias da praza convocada no prazo de tempo que estableza o tribunal en función da natureza da proba. No caso de desenvolverse de forma escrita, o exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal en sesión pública na data que se determine. Este exercicio puntuarase de 0 a 20 puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de 10 puntos.”

Debe poñer:

“ A) Primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, de carácter práctico.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar a tarefas ou tarefas que propoña o tribunal, relacionadas coas materias obxecto do temario establecido na base sexta, e con respecto as tarefas propias da praza convocada no prazo de tempo que estableza o tribunal en función da natureza da proba. No caso de desenvolverse de forma escrita, o exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal en sesión pública na data que se determine. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Este exercicio puntuarase de 0 a 20 puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de 10 puntos.”

Segundo: Dispor a publicación no BOP do presente acordo de modificación, abríndose un novo prazo de presentación de instancias para a participación no proceso selectivo convocado para a configuración dunha lista de reserva (Lista B) para a provisión interina de prazas de técnico medio de xestión da escala de administración xeral, encadradas no grupo A subgrupo A2, de 10 días naturais, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio deste acordo no BOP.

En todo caso, considéranse válidas as instancias de participación presentadas en tempo e forma con anterioridade á adopción deste acordo de modificación, excepto renuncia expresa dos interesados a participar no proceso selectivo convocado para a configuración da antedita lista de reserva comunicada unha vez se produza a publicación deste novo acordo.”

Contra o precedente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

